

RESIDENCIAS DE VERANO



QUE É ESPACIO MATRIOSKA?

Espacio Matrioska é unha asociación formada por un grupo heteroxéneo de compañeiros e compañeiras xurdido no entorno das Belas Artes, cun proxecto común; promover a creación artística en todas as súas formas e posibilidades, vinculándoas ó medio rural e establecendo unha relación entre o campo e as cidades, desenvolvendo, a súa vez, os seus propios proxectos creativos individuais e colectivos.

Así, definímonos como creadores/ as; xestores/ as, dinamizadores/ as e axitadores/ as culturais, buscando reivindicar as posibilidades das contornas rurais, entendendo a arte como unha poderosa ferramenta de transformación social.

Pretendemos levar a cabo proxectos artísticos, crear tecido cultural alternativo, promover o traballo de artistas e o seu encontro, atender ó noso contexto e a súa realidade.

Un proxecto que se move e muta e que ten o seu punto de partida no local Matrioska (Os Blancos, Ourense), un espazo no rural galego, rehabilitado como laboratorio creativo, estudo e punto de encontro e intercambio.



VALORES E OBXECTIVOS DO COLECTIVO

- Como asociación, pretendemos achegar unha alternativa ós circuítos e espazos artísticos convencionais actuais. Queremos crear un movemento de intercambio cultural, que integre os aspectos da realidade artística contemporánea no ámbito rural e outros espazos de creación, logrando un vínculo entre campo e cidade.
- Como colectivo, buscamos a expresión artística en calquera das súas formas e materializala alá onde vaiamos.
- Como espazo, ofrecemos a posibilidade de desenvolver calquera proxecto nun local no medio rural galego, onde compartir coñecementos e desenvolver actividades de carácter dinámico cultural.
- Como persoas, buscamos aprender da contorna e desenvolvernos nel, con el e para el. A este nivel Espacio Matrioska é unha forma de vida, que reivindica o medio rural e intégra no seu día a día.
- Como xestores culturais, creamos proxectos de carácter dinámico cultural. Pretendemos xerar unha rede de relacións o máis ampla e diversa posible para expandir estes proxectos e levar con eles o modelo Matrioska.



RESIDENCIAS DE VERÁN

Programa de convivencia e creatividade con máis de 50 proxectos realizados.

Convocatoria aberta a calquera persoa ou colectivo que queira desenvolver un proxecto artístico ou de investigación nos Blancos, creando un punto de encontro e intercambio entre habitantes, colectivo e residentes.


Queremos potenciar unha continua reconsideración do proceso creativo en colectividade. Facendo que a convivencia sexa parte activa e enriquecedora da creatividade a través unha experiencia vital.

Convocamos a artistas nacionais e internacionais que traballen diferentes disciplinas, teñan distintas inquietudes, procesos e motivacións.

O vínculo ca zona é importante: a estancia do residentes e as súas propostas deben xirar entorno ó contexto onde se sitúan, Os Blancos, rural galego de produción principalmente gandeira, poboación envellecida e rodeado de natureza.

Buscamos persoas dispostas a traballar en equipo e a mergullarse no contexto, que teñan motivación e comprendan o valor de traballar no rural.

Creemos que a convivencia é unha parte importante do proceso, por iso desde Espacio Matrioska convidamos a todos os residentes a convivir ó máximo co resto do colectivo; introducirse nas rutinas; pasear; visitar comarcas próximas; gozar da natureza; coñecer as súas xentes e as súas tradicións; botarnos un cable ca horta; saír de festa; noites de música; conversacións, etc.



VALORES E OBXECTIVOS DAS RESIDENCIAS

As Residencias de Verán de Espacio Matrioska nacen ca idea de atraer prácticas artísticas ó medio rural. Espacio Matrioska basea gran parte da súa actividade na dinamización cultural, deseñando actividades contextualizadas e enfocadas ás persoas ás que van dirixidas.

En concreto as Residencias, a curto prazo, pretenden crear un espazo interxeracional de aprendizaxe mutuo, onde mozos/as acheguen dinámicas e practicas culturais non moi habituais no medio rural e a poboación dos Blancos ensine os seus saberes populares e a importancia dunha vida en comunidade.

Espacio Matrioska pretende así xerar un laboratorio creativo e de experimentación onde participen todo tipo de persoas, sen depender a súa idade, os seus estudos, as súas capacidades ou a súa procedencia.

Nun futuro todas estas relacións e experiencias vitais poden contribuír a que se consiga unha sociedade máis integradora así como axudar a que non se siga despoboando o medio rural, a que non se perda a cultura propia dun lugar nin os saberes populares.

Durante a súa estancia, o voluntario/a formará parte dun lugar, sendo un máis, adaptándose á cultura e á súa poboación; axudando e aprendendo para crecer xuntos.



O POBO

Os Blancos é unha pequena comunidade rural situada a 8Km de Xinzo de Limia e na provincia de Ourense.

Trátase dunha zona de gandería e agricultura, de poboación maioritariamente envellecida e en proceso de despoboamento. A poboación é principalmente galego parlante.

Os membros de Espacio Matrioska levamos cinco anos neste pobo e convertémonos nuns veciños/as máis.

O resto de habitantes están dispostos a participar e axudar na realización dos proxectos, así como encántalles ver no seu pobo a persoas novas “facendo cousas.”

Se non ven en coche, para chegar o máis sinxelo é atopar transporte ata Xinzo de Limia e alí podemos ir recollelos.



A CASA E O LOCAL

Local:



Aulas de serigrafía, gravado, pintura, escultura, música, laboratorio fotográfico, varios almacéns, baño, varias zonas de traballo común e chill out.

Os/as residentes teñen un despacho compartido con outros residentes para traballar.

Casa:

Habitacións que poden ou non ser compartidas con outros residentes dependendo do número de persoas que se aloxen eses días. Baño, cociña e xardín.

Desde Espacio Matrioska aconsellamos convivir o máximo posible co resto de residentes, os membros de Espazo Matrioska e o pobo. Estas residencias non son só para crear un proxecto se non tamén para crear lazos e redes.



CÓMO PRESENTARSE?

Serán aceptadas todo tipo de propostas, valorando especialmente os proxectos que estean concibidos especificamente para esta convocatoria e tendo en conta os valores que Espacio Matrioska promove: relación coa comunidade, o entorno rural, intercambio, aprendizaxe, etc.

Enviar un e-mail a contacto@espaciomatrioska.com co asunto: `nombredelapersonaocolectivo_residencias2019`

Non poñer o nome da persoa ou colectivo participante dentro do dossier para que a votación sexa imparcial, pero si un teléfono e un mail de contacto.

Un só documento pdf que conteña:

- DOSSIER CON TRABALLOS ANTERIORES (máximo tres folios)
- DESCRICIÓN DA PROPOSTA (máximo un folio)

Permítese engadir fotografías e ligazóns a vídeos que complementen a información dentro do mesmo pdf.

Lembramos que puntúa ter en conta o contexto así como os valores e obxectivos das Residencias de Verán de Espacio Matrioska.

As residencias terán unha duración de dúas semanas e levarán a cabo durante os meses de xuño, xullo e setembro.

Os gastos de materiais, transporte e manutención correrán a cargo do /a residente. Estamos a esperar que nos concedan unha axuda. En tal caso os gastos cubriraos Espazo Matrioska.



PROCESO DE SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

Unha vez estea pechado o prazo da convocatoria todos os membros de Espacio Matrioska lerán as propostas sen saber os nomes de quen as envíe.

A través de sistema de votos e nunha reunión onde revisaremos todos os proxectos escolleránse os próximos residentes.

Os seleccionados publicaránse en redes sociais e poñerémonos en contacto con eles canto antes.

Para cadrar datas terase en conta as preferencias dos seleccionados, pero non se asegura que sexa posible que todo o mundo poida escoller as datas nas que vai vir.

PROGRAMACIÓN

O primeiro día o/a residente expoñerá a súa proposta ao colectivo e se é necesario planificarase un calendario para organizar as actividades que cada proxecto precise.

Durante a residencia dispoñerá de calquera membro da asociación do que requira información ou axuda, así como asignaráselle un “titor”; alguén da organización que estea máis interesado ou que teña máis habilidades no campo no que se vaia a desenvolver a residencia.

Espazo matrioska fará publicacións en:
facebook : <https://www.facebook.com/espaciomatrioska/>
instagram: <https://www.instagram.com/espaciomatrioska/>
e na web: <http://www.espaciomatrioska.com/>

Ao finalizar a residencia convídase os participantes a facer unha exposición pública cos veciños e veciñas de Os Blancos. Esta exposición pode ser en calquera formato e lugar do pobo; escollendo o propio residente como quere desenvólvela.

Para rematarar entregarásese un certificado de participación.

PICA AQUÍ PARA VER O VÍDEO

CONTACTO

contacto@espaciomatrioska.com

Ana: 660795203

Alberto: 675483551

www.espaciomatrioska.com

¡ESPERAMOS A VOSA PROPOSTA!